



Dossier informativo



Pontevedra,
unha cidade
segura

Camiño Escolar

Nenas e nenos
ao cole con máis
seguridade e
confianza

Pais e nais

Persoas
voluntarias

Bares e
comercios

Persoal
docente

Veciños,
cidadanía

Policía

Pontevedra, unha cidade segura

A Reforma Urbana realizada nos últimos anos en Pontevedra permítenos gozar dunha cidade co tráfico calmado, amplos espazos peonís, dignas beirarrúas, itinerarios seguros, mobiliario abundante e renovado, alumeado suficiente e eficiente...

Todo iso permitiu mellorar os índices de seguridade relacionados coa sinistralidade viaria:

- ▶ Desde 2005 non hai mortos na zona urbana
- ▶ Máis coches, menos accidentes:
 - ▶ En 2000 había 42.000 vehículos, e 1.203 accidentes e 3 mortos en zona urbana
 - ▶ En 2008 había 53.000 vehículos, 784 accidentes e 0 mortos na cidade
- ▶ Agora, os accidentes son menos graves: o 92% dos non precisa asistencia hospitalaria

Está en marcha a inminente entrada en vigor da norma que impedirá superar os 30 km/h en toda a cidade, unha iniciativa pioneira moi ben valorada por todas as institucións relacionadas coa Seguridade Viaria

Grazas a estes datos, a cidade foi distinguida co Premio Nacional de Seguridade Viaria 2010 na modalidade de xestión da mobilidade, o premio máis importante do Estado nesta temática.

Ademáis, Pontevedra recibe constantes consultas sobre o modelo de mobilidade, e os seus responsables son convidados con frecuencia a congresos, simposios,



Qué é o Camiño Escolar?

Unha iniciativa do Concello de Pontevedra pensada para que os rapaces e rapazas en idade escolar acudan sós ao colexio, xa que a cidade ofrece boas condicións de uso e seguridade

Pontevedra foi distinguida co Premio Nacional de Seguridade Viaria en 2010 pola xestión da súa mobilidade, e é considerada unha das cidades máis seguras, tal como se deriva do escaso número de accidentes de tráfico.

O Camiño Escolar é unha nova forma de utilizar os espazos públicos

Queremos fomentar a responsabilidade e a autonomía de nenas e nenos

Tamén é necesario reducir o tráfico de vehículos nas inmediacións dos colexios, provocando unha maior calidade do aire e unha maior comodidade da cidade



Nenas e nenos, o noso futuro

Todos e todas estamos interesados en que as xeracións futuras sexan mellores, máis preparadas, capacitadas e felices

Os nenos e nenas deben ser máis maduros e autónomos nas súas etapas de aprendizaxe

Os espazos públicos, rúas e prazas, tamén son para eles, e deben usalos con normalidade e pracer

Ir ao cole a pé é unha práctica saudábel, que contribúe ao mantemento físico, e á prevención da obesidade



Como van á escola?

Camiñando

Poden ir en grupos ou en solitario

Os pais, nais ou titores/as deberían indicarlles o itinerario durante os primeiros días

Ao iren camiñando, teñen a oportunidade de relacionarse cos demais e facer novas amizades e relacións con outros nenos e nenas que non sexan da súa clase

É un xeito de que vaian tomando contacto coa cidade de xeito autónomo



Os pais e nais

Pais e nais (e titores/as) son parte fundamental do Camiño Escolar, e sen a súa participación e confianza non sería posíbel levar a cabo esta mellora na mobilidade

Son o mellor exemplo que teñen os nenos e nenas

Deben implicarse, especialmente os primeiros días, sinalando aos seus fillos o itinerario máis axeitado desde a súa casa.

Deben participar, en colaboración con toda a Comunidade Escolar, na formación dos nenos e nenas en materia de seguridade viaria, e especialmente non desobedecer as normas en presenza dos nenos (semáforos, pasos de peóns, circulación pola beirarrúa, etc)

Ademáis de fomentar a autonomía dos seus propios fillos favorecendo o seu proceso de maduración, gañan en tempo libre e confianza.



Confiemos nos nenos e nenas

Pontevedra é unha cidade básicamente segura, polo que os nenos e nenas poderían circular sós case con normalidade, pero é necesario que vaíamos tomando conciencia desa realidade.

En Pontevedra aspiramos a que a rúa sexa como a continuación da nosa propia casa, coas súas comodidades e cos mínimos riscos.

Os programas de calmado do tráfico leváronse a cabo con éxito. A redución do número de accidentes foi drástica nos últimos anos. Hai máis coches, pero menos accidentes, e os que hai son máis leves. Levamos varios anos sen vítimas mortais na zona urbana.

Co programa Camiño Escolar queremos **reforzar aínda un pouco máis a seguridade viaria** nas horas de entrada e saída ao cole, de tal xeito que os pais e nais poidan confiar aínda máis na cidade como espazo seguro.

Precisamente unha das fontes nas que se inspirou a reforma urbanapontevedresa é a obra do psicopedagogo italiano **Francesco Tonucci** (es.wikipedia.org/wiki/Francesco_Tonucci) “A cidade dos nenos”. Nela, aposta pola modificación dos espazos públicos para adaptalos aos nenos, aos anciáns, aos discapacitados... aos máis febles, conseguindo así que a cidade sexa **máis amigábel para todas e todos**.

Os seres humanos temos unha chea de necesidades. As máis básicas son as fisiolóxicas (alimentación, auga, aire...), as seguintes as de seguridade (protección), as de aceptación social (o afecto, o amor, a amizade), as de autoestima (o éxito, o prestixio, a autorrealización) e por último as necesidades de autorrealización (do que somos capaces, o autocumprimento).

Para que todo iso sexa posíbel, desde que nacemos temos que satisfacer a nosa saúde física (alimentación, vivenda, vestidos, hixiene, atención sanitaria, dereito ao sono e ao descanso... pero tamén temos dereito a un **espazo exterior axeitado**, a practicar o exercizo físico e á protección dos riscos físicos)

Tamén temos unha serie de necesidades relacionadas coa nosa autonomía persoal, como a participación activa na vida, os vincellos afectivos básicos, a interacción entre nenos e adultos, a interacción entre nenos e nenos, a educación formal e non formal, o xogo e o tempo de ocio, e a protección ante os riscos psicolóxicos.

É ben sabido que na rúa hai cada vez menos nenos e nenas, aínda que na Pontevedra dos últimos anos conseguimos ir revertindo esa tendencia.

En xeral, se o neno non sae á rúa, pode ver o espazo público como algo alleo a sí. Demasiado tempo de estancia na casa tradúcese nunha clara perda de confianza na cidade, nun espazo público que tamén a eles lles pertence.

Esa desposesión do espazo podería traducirse na **limitación da súa autonomía**, xa que é moito máis difícil sentirse libre e feliz nun espazo que non consideras teu. Tamén se perden moitas **oportunidades de relacionarse**, de reforzar a seguridade en si mesmo e incluso podería xerar algúns problemas de saúde.

Os pais e as nais non deben ser unha especie de carceiros dos seus fillos. A cidade está en condicións de axudarlles a ser máis libres e confiados, xa que as relacións de dependencia obrigadas son moi pouco gratificantes para nenos e pais.

O psicólogo James Hillman exprésao así: **“Sen capacidade para xogar con amigos ou explorar o mundo exterior por si mesmos, os nenos perden importantes oportunidades de desenvolverse social, física e cognitivamente”**.

A principios dos anos 70, o 80% dos nenos de 7 e 8 anos ían sós ao cole, pero nos anos 90, esta cifra baixa ao 9%. Nunha enquisa realizada pola Policía Local no Colexio Álvarez Limeses, dedúcese que **o 95% dos pais ou nais levan aos seus fillos ao cole a pé ou en coche**. A maioría destes pais estarían de acordo con utilizar o sistema de Camiño Escolar en base á rede de voluntarios, xa que, aínda que Pontevedra é unha cidade moi segura, preocúpanlles os cruce das calzadas.

A vida sedentaria e a falta de exercizo físico resulta preocupante, como recolle un estudo realizado a nivel estatal: **a metade dos nenos non fai percorridos diarios de máis de 10 minutos a pé**. Supoñemos que na nosa cidade os datos non son tan duros, e desde o Concello esforzámonos niso, tanto con este plan como con outras iniciativas do fomento do ocio activo, o deporte, etc.

O costume de levar aos nenos ao cole nace coas cidades que se fóron configurando nos anos 70 e 80, que **se convertiron en perigosas por mor do tráfico que soportaban**. En Pontevedra temos ese grave problema de tráfico resolto, pero aínda queda por resolver a confianza dos pais e nais en que a cidade é un espazo básicamente seguro.

Nenos e nenas aprenden coa experiencia. **Se ven a cidade como un ámbito que lle ofrece confianza, axiña a fan súa**. Pero se ven que os adultos un desmedido afán protector, defendéndoos contra a cidade (a máxima expresión é levalos en coche cando non hai problema de distancia), o neno non chega a percibir a o espazo público como un ámbito no que poida confiar.

Os nenos e nenas precisan experiencias afectivas que os vencellen á cidade, necesitan **notar cómo a cidade non é un espazo agresivo para eles, senón agradábel**. As rúas de Pontevedra son espazos para cooperar na súa educación e gañar a súa confianza, non para protexerse delas.

Unha das formas máis intelixentes de participar na cidade é **confiar na capacidade da infancia**. Así coñecemos mellor as súas necesidades, o que pensan, que buscan ou que lles favorece.

O persoal docente

É outra das patas básicas sobre as que se asenta este proxecto

A Escola implícase na formación ambiental e no contexto urbano, creando sinerxias coa cidade (zócalo urbano comercial, veciñas e veciños, corpos de seguridade pública, etc)

Camiño Escolar é unha ferramenta práctica para apoiar a Educación en Valores relacionados coa Seguridade Viaria

Tamén contribúe a educar nos valores medioambientais



O voluntariado

Para que os circuitos pedestres sexan aínda máis seguros, o voluntariado contribúe a reforzar esa seguridade en determinados puntos (cruces de rúas, fundamentalmente)

Para as persoas voluntarias é un novo xeito de participar no coidado dos nenos e nenas, contribuindo socialmente ao seu benestar

Axudan á formación dos Escolares en materia de Educación Viaria

Fomentan a cohesión social, ofrecendo o seu traballo desinteresado para que todos melloremos a nosa percepción sobre Pontevedra como lugar idóneo para vivir



Os establecementos colaboradores

Teñen un papel importante no Camiño Escolar, xa que configuran unha rede de axuda a pé de rúa moi útil para resolver calquera problema que poida xurdir

Sempre haberá unha persoa amiga que che poida botar unha man cando o necesites

A gran maioría dos pequenos problemas que poidan xurdir poderán resolverse calmando ao neno ou a nena, pero se non fose así, sempre poderían:

- Avisar ao colexio, por teléfono
- Avisar ao pai ou nai (se resulta doado)
- Avisar á Policía, ou se o caso fose grave, directamente a unha ambulancia...

O importante é utilizar o sentido común, valorar o problema e tomar decisións acaídas



A Policía axúdache

O policía sempre é un bó amigo

Calquera persoa relacionada co Camiño Escolar (nenos e nenas, persoal docente, voluntarios, colaboradores comerciais...) pode acudir a calquera axente sempre que o precise

A Policía colabora habitualmente co Colexio

A Policía Local encargouse de deseñar os percorridos para que sexan máis seguros

Realiza e colabora na formación específica para o Camiño Escolar

Cada ano ofrece clases de Educación Viaria a máis de 5.000 persoas



Grazas por colaborar

Grazas a todas e todos

Ás persoas voluntarias, polo seu tempo e dedicación

Ás persoas encargadas de bares, tendas, comercios, etc, por estar aí coa súa porta aberta para nenas e nenos

Ao persoal docente, por demostrar a súa vocación de servizo e o compromiso cunha educación responsábel

Ás nais e pais por apoiar esta iniciativa pioneira e querer o mellor para os seus fillos e fillas

Aos diferentes Corpos de Seguridade pola súa receptividade e colaboración

Ao persoal do Centro Nacional de Educación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, por nos axudar a configurar este novo servizo de calidade

A todo o persoal técnico e colaboradores que participan neste proxecto

A todas as persoas que loitan e traballan por conseguir un mundo mellor

